

**JULIA M<sup>a</sup> CARRASCO GONZÁLEZ-ALEGRE**, Secretaria do Concello da Guarda,  
(Pontevedra) .....

**CERTIFICO:**

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de xullo de 2025, tomouse o seguinte acordo que se transcribe literalmente:

**“PUNTO 8.- Expediente 1164/2025. PROPOSTA ALCALDÍA APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO SUBVENCIONS 2025 2027**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta, previamente ditaminada pola correspondente comisión informativa:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

O Pleno do Concello da Guarda aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións para os exercicios 2023-2024 en sesión extraordinaria celebrada o día 27/01/2023.

Resulta necesaria a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións para os exercicios 2025-2027, para o establecemento de subvencións, e para concretar os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Foi redactado o Plan Estratéxico de Subvencións para os exercicios 2025-2027 e sendo emitidos informes pola secretaria e intervención municipais, elevo ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións para os exercicios 2025-2027 no Concello da Guarda, co texto que se incorpora no anexo.
- 2.- Publicación do devandito Plan no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 3.- Publicación do citado Plan no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

O Alcalde-Presidente

Roberto José Álvarez Carrero

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



## ANEXO

### PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DA GUARDA PARA OS ANOS 2025-2027

O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (en adiante, ROF) establece no seu artigo 232 que os concellos, na medida en que o permitan os seus recursos orzamentarios, poderán subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.

Pola súa banda o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) establece que todos os concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar previamente o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

No mesmo sentido, o artigo 5.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), dispón que os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, deberán concretar, con carácter previo, nun Plan Estratéxico de Subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden acadar coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Así, co Plan Estratéxico de Subvencións, o concello da Guarda pretende a:

1. Mellora da eficiencia: os planes estratéxicos de subvencións facilitan unha reflexión sobre cuestións como obxectivos estratéxicos, recursos ou sectores os que se destinan as axudas.
2. Mellora da eficacia: o plan estratéxico de subvencións explícita os obxectivos específicos que se pretenden acadar con cada axuda, así como os indicadores do grado de consecución dos mesmos. Desta maneira, séntanse as bases para analizar periodicamente se a subvención en cuestión está resultando efectiva para os fins que se perseguen.



3. Mellora da transparencia: a sociedade actual demanda uns poderes públicos que actúen con arranxo do principio de transparencia e que rendan contas da súa actividade á cidadanía. Neste sentido, os plans estratéxicos de subvencións axudan a que os cidadáns coñezan como se toman as decisións que lles afectan. Así, estes plans inscríbense no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno define como “información institucional, organizativa e de planificación” que debe ser obxecto de publicidade activa.
4. Mellora do servizo á cidadanía: ao proporcionar aos potenciais beneficiarios unha información transparente, útil e de calidade en materia de axudas.

Sentado o anterior, o Concello da Guarda elabora o seguinte Plan Estratéxico de Subvencións, todo elo sen perxucio de revisión anual dos importes concedidos ou acordados nas dúas modalidades de concesión de subvencións, a modalidade de concesión directa, prevista no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións, e a modalidade de concorrencia competitiva.

**PRIMEIRO: PRINCIPIOS XERAIS.**

1.1.- **Ámbito subxectivo e temporal:** O presente Plan Estratéxico de Subvencións, comprende todo o conxunto de subvencións outorgadas polo Concello da Guarda nos anos 2025-2027.

1.2.- O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá da inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais dos anos para os que está previsto, así como a aprobación da correspondente convocatoria.

1.3.- O presente plan ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións, atendendo, entre outros condicionamentos, as disponibilidades existentes en cada momento.



1.4.-Para a consecución dos obxectivos antes sinalados este Plan Estratéxico de subvencións establece dúas modalidades de concesión de subvencións, a modalidade de concesión directa, prevista no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións, e a modalidade de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO: Na modalidade de CONCESIÓN DIRECTA ou SUBVENCIONES NOMINATIVAS encádranse axudas que se distribúen nas liñas que aparecen a continuación.**

A importancia estratéxica de determinadas entidades na localidade converte estas en referencia nos seus ámbitos, e a vez, nunha referencia para a Guarda no exterior. A necesidade destas entidades de facer unha planificación anticipada permítelle desenvolver con garantías as súas programacións anuais. Esta planificación anticipada ten un factor importante no aspecto orzamentario. É imprescindible que teñan a maior certidume posible respecto aos seus ingresos para poder facer fronte aos seus proxectos e liñas de acción.

#### **LIÑA 1.- ENTIDADES CON FINS SOCIAIS.**

Dende hai moitos anos as entidades de carácter social radicadas na nosa localidade desenvolven unha actividade a prol das persoas e colectivos con maiores dificultades, dificultades de integración, dificultades por non poder facer fronte a gastos básicos ou dificultades por contar cunha discapacidade. Todas elas son recoñecidas pola sociedade guardesa polas súas intervencións e proxectos que, en definitiva, teñen permitido a moitos guardeses e guardesas afrontar o futuro en mellores condicións. A súa implicación e o seu percorrido teñen sido tales que prestan servizo non so a poboación guardesa senón para toda a comarca e algunha delas incluso ten feito unha expansión da súa actividade noutras comarcas. A súa labor é para a cidadanía esencial e máis nestes momentos onde a incerteza sobre a evolución da pandemia está levando a unha alta porcentaxe de poboación a necesitar de apoio debido aos problemas sociais e económicos que esta pandemia está a orixinar. Sen estas entidades, que cobren un ámbito que non está institucionalizado, unha porcentaxe importante da poboación da nosa localidade non podería ser atendida ao non poder cubrir o concello estas necesidades. Se temos entidades que precisan da colaboración, complicidade institucional e apoio do concello da Guarda, son



precisamente as entidades de carácter social as que deben ocupar o primeiro lugar.

**1.- Asociación Érguete de prevención das drogodependencias e educación e promoción da saúde no Baixo Miño.**

A asociación Érguete é unha entidade de iniciativa social, a única en toda a comarca, que traballa na prevención e intervención de condutas aditivas e os problemas asociados a elas. Nace nos anos 80 para denunciar os efectos do narcotráfico sobre a mocidade galega, asentándose na nosa localidade e desenvolvendo unha actividade constante dende entón. Traballa na prevención e intervención en condutas aditivas e os seus problemas asociados, impulsando a inclusión das persoas afectadas, así como fomentando hábitos de vida saudable. Para o concello da Guarda contar con Érguete supón contar cunha entidade que traballa tódolos días na promoción dun estilo de vida saudable, na procura de que diminúan os consumos de drogas e nos problemas sociosanitarios asociados.

Importe económico: 4.300 €

**2.- Centro de educación especial San Xerome Emiliani.**

O centro San Xerome Emiliani abriu ás súas portas no ano 1981, aínda que un grupo de persoas comprometidas xa viñan traballando dende antes da constitución da asociación alá polo ano 1977. Localizada no centro da localidade permite que as persoas con diversidade intelectual dispoñan dunha entidade que traballa pola súa integración tanto educativa como social e laboral. O centro San Xerome é algo máis que un centro de educación especial, xa que dispón dun centro ocupacional, un centro de día e un centro especial de emprego de xardinería. Hoxe en día traballa en proxectos educativos e por mellorar a integración social e laboral das persoas con diversidade intelectual. Para a nosa comunidade contar con San Xerome é contar cunha entidade que procura a calidade de vida das persoas con diversidade funcional e traballa por favorecer a súa integración. En definitiva, traballar no obxectivo de promoción da saúde, mellora das condicións físicas e o benestar das persoas con diversidade funcional.

Importe económico: 9.000 €



### **3.- Asociación Avelaíña de axuda ás persoas con problemas de saúde mental.**

Avelaíña viu a cubrir as necesidades de atención que precisaban as persoas con enfermidades mentais, os grandes esquecidos da nosa sociedade. Ocupou nos seus inicios un local no antigo colexio Manuel Rodríguez Sinde, hoxe en día dispón dunhas instalacións acordes ao traballo que desenvolve na antiga escola de Salcidos. A súa labor é fundamental para atender as persoas con problemas de saúde mental, e nestes momentos de pandemia, a súa labor é aínda máis importante e necesaria. O coronavirus está xerando unha situación de incerteza que está a provocar medo e incertidumes nas persoas con enfermidades mentais. O traballo dos profesionais que integran Avelaíña está posibilitando que moitas situacións non cheguen a converterse críticas ou en ingresos hospitalarios. A súa labor é considerada polo concello como esencial e imprescindible debido a que o seu proxecto está orientado á rehabilitación psicosocial de carácter diario e en proporcionar unha variedade de actividades para mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas.

Importe económico: 3000 €

### **4.- Asociación Social Fibromiño**

Esta asociación desenvolve un labor inconmensurable en base ao interese público, social e sanitario que representa o labor desenvolvido pola Asociación na Guarda e está dirixida a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por fibromialxia e outras enfermidades relacionadas.

A fibromialxia é unha enfermidade crónica que afecta significativamente a vida diaria de quen a padece, provocando dor xeneralizada, fatiga intensa, trastornos do sono, e dificultades cognitivas. A pesar da súa alta prevalencia, as persoas afectadas a miúdo atopan limitacións no acceso a recursos especializados e apoio integral. A asociación desempeña un labor fundamental mediante:

- Atención directa a persoas afectadas e as súas familias.
- Programas de rehabilitación física e psicosocial.
- Actividades de sensibilización e formación a profesionais e á cidadanía.
- Representación e defensa dos dereitos do colectivo #ante as administracións públicas.



Desde hai anos o concello colabora coa mesma cedéndolle un local e patrocinando charlas formativas respecto diso. Dado que a actividade da entidade responde a fins de interese xeral e complementa as accións dos servizos públicos na Guarda, resulta adecuado e xustificado outorgar esta subvención de carácter nominativo, recoñecendo o seu labor consolidado e especializado, así como a imposibilidade de que estes servizos préstense de maneira tan eficaz desde outros ámbitos.

Importe económico: 500 €

## **LIÑA 2.- ENTIDADES CULTURAI**

Non se entende A Guarda sen o papel das súas entidades culturais. Dende hai moitos anos veñen desenvolvendo un rol significativo que lle da á nosa vila o seu carácter de vila cultural e onde a variedade de eventos que organizan supera con moito as datas do verán. Hai que destacar que esta ampla actividade asociativa posibilita o acercamento dos cidadáns á cultura nas súas diferentes variantes, e realizan unha importante contribución ao desfrute da colectividade ao desenvolver numerosos concertos, eventos e actividades no Auditorio de san Bento, no Centro Cultural ou noutros espazos da localidade.

Posibilita tamén a participación da muller na cultura dándolle un verdadeiro protagonismo, xa que moitas actividades culturais, sobre todo nos últimos tempos, van incrementando a presenza e papel da muller, pandereteiras, grupos de baile, presenza da muller nos grupos musicais ou na banda de música, creadoras ou escritoras, son exemplo da importante presenza da muller na cultura nos últimos tempos. O noso concello debe seguir, polo tanto, apostando pola permanente participación da muller no mundo da cultura.

As entidades que figuran a continuación como beneficiarias dunha subvención nominativa desenvolven non só actividades de carácter cultural senón que conforman e lle dan entidade cultural propia á nosa localidade. A Guarda non sería a vila que coñecemos sen as alfombras florais, ou sen as actividades que desenvolveu a asociación O Piueiro no 2019, e que incrementaron o noso patrimonio material coa construción do volanteiro O Piueiro. Así mesmo forma parte da nosa identidade, xa que crecemos con ela, como celebramos Día das letras Galegas grazas a actividade



da Agrupación Cultural Guardesa e non podemos esquecer a labor que desenvolve a Banda de Música da Guarda posibilitando o acercamento de multitude de guardeses ao universo musical. Isto conforma culturalmente a nosa vila, xa que debido á nosa posición xeográfica estamos alonxados do circuíto cultural galego, as nosas asociacións posibilitan que teñamos unha produción cultural propia, en moitos ámbitos, moi superior a outras vilas similares á nosa en poboación, froito, seguramente, da necesidade de cubrir un baleiro que nós tivemos que aprender a encher por medios propios.

### **1.-Agrupación Musical de A Guarda.**

Hai que destacar a Agrupación Musical da Guarda como vehículo canalizador da música cara os nosos mozos e mozas, por medio desta entidade posibilitase a formación e práctica da linguaxe musical, faise realidade que cada día máis e máis guardeses se acerquen á música e formen parte desa gran familia. O seu traballo concrétese en eventos e actividades musicais que permiten a centos de persoas o disfrute da música de banda, así coma diversas colaboracións con todo o tecido asociativo da vila

Importe económico: 15.000 €

### **2.- Asociación de Alfombras Florais.**

Se hai unha entidade que co seu traballo lle da singularidade propia a nosa localidade esa é a Asociación das Alfombras Florais. O traballo de centos de persoas, que senten a tradición das alfombras florais como súa, dende fai máis de 40 anos enchen a Guarda da arte efémera da flor. E a actividade local que reúne a un maior número de persoas, sobre todo mulleres, que durante máis de tres semanas traballan día a día, cóbado con cóbado na procura dunha finalidade colectiva que é a de encher a vila de cor, esencia e arte floral. Ten unha singularidade propia e constitúe unha tradición guardesa que a Asociación ten o obxectivo de manter, traballando tamén na liña da recuperación e da posta en valor que posibilita a incorporación de máis veciños e veciñas da localidade e tamén dos máis cativos.

Importe económico: 11.700 €



### 3.- Asociación Danza

O Concello da Guarda concede esta subvención nominativa á Asociación Danza da Guarda como recoñecemento ao labor cultural, educativo e social que esta entidade vén desenvolvendo no municipio ao longo dos anos, converténdose nun referente no eido da formación artística e na dinamización da vida cultural local.

A Escola de Danza da Guarda contribúe de maneira destacada a:

- A formación de nenas, nenos e mozos/as na disciplina da danza, promovendo hábitos saudables, disciplina e sensibilidade artística.
- A promoción da cultura e das artes escénicas mediante a organización de espectáculos, festivais e colaboracións con outras entidades locais.
- A participación activa en eventos culturais do concello, como festas locais, actos institucionais ou iniciativas solidarias.
- fomento da cohesión social, a integración interxeracional e a igualdade a través da práctica artística.

Esta subvención nominativa está plenamente xustificada polo interese público e cultural que representa a continuidade e estabilidade deste proxecto, pola súa consolidación no municipio, e pola dificultade de artellar estas actividades desde os servizos municipais con recursos propios.

A colaboración institucional a través desta achega económica permite garantir a continuidade do proxecto e reforza o compromiso do Concello da Guarda coa promoción da cultura, o apoio ás entidades locais e o acceso da cidadanía á educación artística.

Importe económico: 500 €

### 4.- Asociación cultural Piueiro.

Esta entidade nace no 2017 coa intención de recuperar o patrimonio material e inmaterial vinculado co mar, potenciar encontros, veladas literarias ou outras actividades relacionadas coa cultura mariñeira. Esta entidade logrou dende a súa constitución acoller en torno a ela a multitude de asociacións da localidade e a numerosas persoas para traballar na liña antes mencionada. Conseguiu que no 2019 se celebrase na Guarda o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia e ten



entre os seus logros a recuperación dunha embarcación tradicional guardesa, o “volanterio”, coa construción do Piueiro. Dentro das súas actividades está dar a coñecer a riqueza da cultura mariñeira.

Para o concello da Guarda é fundamental a súa labor de promoción, investigación e estudo do patrimonio cultural marítimo, posibilitando a recuperación e conservación do patrimonio marítimo e o desenvolvemento de actividades de posta en valor da cultura marítima.

Importe económico: 2.000 €

### **5.-Asociación Festiña Campusina**

A asociación cultural Festiña Campusina é unha iniciativa cultural e festiva de gran arraigamento local que se consolidou como unha das celebracións populares máis destacadas no calendario anual do municipio da Guarda. Trátase da única festa que realiza na parroquia de Camposancos. Esta festividade ten como obxectivo principal a recuperación, dinamización e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e etnográfico vinculado ao Monte Santa Trega de toda a parroquia de Camposancos.

A súa organización supón unha mobilización significativa dos veciños, cunha ampla implicación de voluntariado, o que a converte nun elemento crave para o fortalecemento da identidade local e o sentimento de pertenza. Ademais, a Festina Campusina xera un impacto positivo na economía local ao atraer visitantes e dinamizar sectores como a hostalería, o comercio e o turismo.

Por todo iso, considérase de interese xeral o apoio institucional a esta celebración mediante a concesión dunha subvención nominativa, que permita garantir a súa sustentabilidade, calidade e continuidade no tempo. A singularidade do proxecto, a súa vinculación directa coa promoción cultural e turística do municipio, e o papel central que desempeña na dinamización social xustifican que dita axuda articúlese conforme ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións.

Importe económico: 500€



#### **6.- Asociación Galifornia Beat**

A asociación cultural Galifornia Beat de A Guarda iniciou a súa andaina no ano 2018. Desenvolve as súas actividades orientadas principalmente á organización de eventos culturais e deportivos, sobre todo o festival Galifornia Beat en agosto. Un evento que congrega miles de persoas de diferentes xeneracións na vila de A Guarda e no que durante se unen baixo a filosofía do Skateboarder, compartindo aficións deortivas, musicais e artísticas.

Por todo iso, considérase de interese xeral o apoio institucional a esta celebración mediante a concesión dunha subvención nominativa, que permita garantir a súa sustentabilidade, calidade e continuidade no tempo. A singularidade do proxecto, a súa vinculación directa coa promoción cultural e turística do municipio, e o papel central que desempeña na dinamización social xustifican que dita axuda articúlese conforme ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións.

Importe económico: 7.000 €

#### **7.- Asociación Cultural Almirante da mar Oceánica**

A asociación Almirante da Oceánica da Guarda naceu co obxectivo de apoiar as actividades relacionadas coa recuperación, conservación e divulgación do patrimonio mariñeiro e histórico vencellado ao almirante Cristovo Colón e a súa relación con Galicia e a vila da Guarda, así como fomentar o coñecemento do mar como elemento clave na identidade local.

A asociación organizará conferencias e obradoiros sobre historia marítima, así como a creación dunha biblioteca relacionada coa figura de Cristovo Colón e a súa relación con Galicia e a vila da Guarda.

Asemade, publicacións de materiais divulgativos e educativos, exposicións sobre navegación e exploración oceánica, así como colaboracións con centros educativos e outras entidades locais.

A colaboración institucional a través desta achega económica permite garantir a continuidade do proxecto e reforza o compromiso do Concello da Guarda coa



promoción da cultura, o apoio ás entidades locais e o acceso da cidadanía á educación artística.

Importe económico: 500€

### **LIÑA 3.- ENTIDADES DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

As entidades integrantes neste apartadoteñen como característica común a de potenciar a relación entre os veciños e veciñas e a defomentar un sentimento de pertenza a unha comunidade. Ás comisións de festas e a asociación de veciños pódesele engadir ademais a de ampliar o coñecemento do barrio. Ao que acabamos de indicar deberíamos sumarlle que todas estas asociacións levan anos potenciando as relacións entre a cidadanía ao estar desenvolvendo actividades que requiren da participación cidadá, actividades de moi diversa índole, aínda que temos que destacar as tradicionais, xa que como sabemos as nosas festas, as nosas verbenas teñen unha compoñente inmaterial que fan que formen parte da bagaxe cultural de todos cada un de nós.

#### **1.- Asociación de festas da Pascua de Buxán.**

As festas de pascua de Buxán son posibles debido ao esforzo e traballo dun grupo de veciños do barrio. Nos últimos anos a cultura, as tradicións e o deporte chegan ao barrio de Buxán de man desta comisión de festas. O tradicional serán, a recuperación de xogos tradicionais, a música e outras actividades como o concurso do biscoito teñen congregado a veciños e non veciños no entorno da praza de Buxán.

Importe económico: 550 €

#### **2.- Asociación de festas de San Queitano.**

A asociación de festas de San Queitano veñen recuperando nos últimos anos unha serie de tradicións que se tiñan perdido no barrio. Así o levantamento do arco de festas é un elemento etnográfico de recuperación e posta en valor das tradicións do barrio, coa singularidade de que non se realiza en ningún dos outros barrios ou parroquias da Guarda. As festas, que ano a ano incrementan en recoñecemento e público asistente, a celebración gastronómica no barrio que serve de elemento de cohesión entre a veciñanza do barrio, as tradicionais puxas son unha realidade polo traballo desinteresado dun conxunto de veciños deste barrio. Temos que destacar que o barrio da Cruzada ten capela propia, a Capela de San Queitano, a verdadeira mostra da tradición da festa.



Importe económico: 550 €

### **3.- Asociación cultural Virxe da Guía.**

A intención da asociación que nace no 2019 é a de manter a tradición e que o barrio de Ribadavila recupérase unha serie de actividades que a fan recoñecible e a diferencia doutros barrios da localidade. Así a carreira pedestre, as famosas poxas que se celebran en honra á Virxe da Guía e a gran tirada de foguetes son os elementos máis importantes e singulares para esta asociación, sen esquecer outras actividades musicais ou culturais que complementan as tradicionais Festas. O barrio da Guía tamén ten a súa propia capela que nos fala do antigo da súa tradición.

Importe económico: 550 €

### **4.-Comisión de festas da Virxe do Carmen**

As Festas do Carmen teñen unha significación especial na Guarda polo noso carácter de vila mariñeira, e a súa celebración ten a consideración de festivo local. Non se entende a Guarda sen a celebración desta festa, xa que a virxe do Carmen é a patroa dos mariñeiros e estes lle teñen un apego moi especial. E unha festa moi arraigada na poboación da Guarda. Destacar ademais a singularidade desta comisión de festas que traballa a prol da potenciación dos grupos musicais da nosa localidade organizando cada ano un encontro entre os mesmos.

Importe económico: 550 €

### **5.-Asociación de veciños o Percamino.**

A asociación de veciños do Percamino permite a organización en torno ao mesmo dunha colectividade con singularidades específicas, posibilita a defensa de intereses propios dos barrios da Gándara, Pintán e Proba, así como por en valor o seu propio patrimonio tanto material como inmaterial. Así, teñen recollido no libro de festas das Mercedes a sabedoría popular, as tradicións, lendas e historias que de non recollese na escrita acabarían por perderse ou mutar en relatos distintos. A asociación de veciños O Percamino posibilita a cohesión da veciñanza en torno a un proxecto común de dinamización social, cultural e deportiva no barrio. Organizan no seu seo as festas das Mercedes con actividades diversas para seguir facendo realidade as tradicións populares.

Importe económico: 1480 €



#### **LIÑA 4.- ENTIDADES MEDIOAMBIENTAIS**

Para o concello da Guarda a transición ecolóxica é unha liña estratéxica das súas políticas. O cambio climático, o aforro enerxético, a xestión dos residuos, a sustentabilidade dos recursos naturais, e a protección do patrimonio natural son ámbitos de traballo esenciais para o camiño cara a unha sociedade moderna.

##### **1.- ANABAM.**

ANABAM é unha entidade conservacionista de carácter naturalista e ecoloxista que desenvolve actividades e proxectos relacionadas co patrimonio natural, a educación ambiental e co patrimonio cultural e etnográfico. Esta entidade ten colaborado co concello da Guarda na difusión das salinas romanas e rupestes. Durante o 2020 organizaron en colaboración co concello da Guarda a realización de actividades para dar a coñecer o noso patrimonio natural a través do proxecto: domingos de natureza e auga, rutas guiadas para coñecer a historia, o patrimonio e a natureza ligados a un elemento imprescindible que é a auga.

Importe económico: 1.630 €

#### **LIÑA 5.- ENTIDADES DEPORTIVAS**

Fomentar o deporte como factor de calidade de vida dos cidadáns do concello da Guarda, promoción de hábitos saudables, esforzo ou traballo en equipo, son os principais obxectivos das políticas deportivas do concello.

Nesta liña encádranse as entidades sen ánimo de lucro que veñen desenvolvendo unha función fundamental na potenciación do deporte na veciñanza, a través da posta en marcha das escolas deportivas municipais, que acercan a práctica deportiva aos nenos e nenas da localidade. O deporte base é un elemento esencial cara a conseguir mellorar a calidade de vida das persoas.

As entidades Club de balonmán, o club Sporting Guardés e club de remo Robaleira, representan verdadeiros exemplos de tradición e traballo polo deporte, tanto cara aos mais cativos coma ó de elite. Hai que destacar tamén, neste apartado de subvencións nominativas, á Unión Guardesa de fútbol feminino, xa que o concello e a sociedade guardesa apostan, de forma decidida, pola promoción do deporte feminino.



### **1.- Club de Balonmán Atlético Guardés.**

Esta entidade nace en 1967, con dúas seccións o Medina Guardés feminino e o Atlético Guardés masculino. Na tempada 74-75 o equipo feminino pasa a ser o Atlético Guardés e o masculino acaba desaparecendo. Co tempo o club converteuse nun sinal de identidade guardesa, posibilitou que moitas persoas situasen A Guarda no mapa e significou o derrube de barreiras machistas ao ter como protagonistas ás mulleres.

Nos últimos anos os logros acadados por este club son moi significativos tendo en conta o tamaño da nosa vila, dende o ano 2012 participa na máxima categoría do balonmán feminino, acadando na tempada 2016-2017 o título de liga. Desenvolven escolas deportivas de balonmán para traballar o deporte de base e ter canteira para o futuro.

O Atlético Guardés é o noso abandeirado por todo o territorio nacional e por Europa

Importe económico: 40.000 €

### **2.- Club de Remo Robaleira.**

O club de remo Robaleira está ligado ao traballo, esforzo e a un grupo de persoas loitadoras que no ano 1984 decidiron facer do remo o seu deporte. Vinculado de xeito moi estreito coa poboación mariñeira ten o cariño e o recoñecemento de toda a veciñanza que os teñen visto crecer e transformarse no gran club que son hoxe en día. Robaleira son os herdeiros da tradición das competicións a remo na Guarda que tan populares foron a mediados do século XX. Na nosa localidade celebran todos os anos o Memorial Antonino Torrón e son moitos os éxitos acadados ao longo destes anos. Froito dese esforzo lograron dispor dunhas instalacións propias que coidan con esmero.

Outro aspecto que temos que resaltar deste club é o de posibilitar o acceso ás súas instalacións a persoas con discapacidade. Non hai moitos deportes que ofrezan hoxe en día esa posibilidade é o club de remo Robaleira é un deles, aspecto meritorio que temos que por en valor.

Importe económico: 13.200 €



### 3.- Club Sporting Guardés

O club sporting guardés naceu no ano 1958, na tempada 2019-2020 acadaron o acceso á Preferente. E o club da localidade que conta co maior número de federados. Acolle as escolas deportivas de fútbol da localidade, traballa aportando os valores do deporte colectivo a multitude de nenos e nenas da nosa localidade, traballo en equipo, afán de superación ante os fracasos e ilusión por acadar un logro colectivo. O Guardés é símbolo e referente para moitos veciñas e veciños da localidade que domingo tras domingo acoden ás instalacións da Sangriña para defender os cores locais.

Importe económico: 20.000 €

### 4.- Unión Guardesa club de fútbol feminino.

Temos que destacar o traballo realizado por esta entidade, se hai ámbitos que teñen estado pechados para a muller un deles ten sido sen dúbida a práctica do fútbol, aínda hoxe os insultos e afrontas seguen presentes por todos os campos de fútbol. Trátase por tanto dunha entidade a que temos que seguir impulsando porque non só posibilitan que as mulleres podan realizar e practicar o deporte que lles gusta senón que son avanzadilla de loita contra as barreiras que hai que romper para acadar a plena igualdade entre homes e mulleres.

Importe económico: 2.000 €

### 5.- A Guarda – Hockey liña

A Guarda Hockey liña é unha entidade recente na nosa localidade pero que está realizando un traballo importante para facer chegar á xuventude guardesa unha disciplina deportiva diferente das tradicionais. O seu traballo posibilita que teñamos mozos e mozas que practican este deporte urbano. Sen este clube a xuventude non podería acceder a esta disciplina xa que non existe na comarca un club destas características.

Importe económico: 600 €

### 6.- club deportivo Baixo Miño de Judo

O club Baixo Miño de Judo desenvolve diversas actividades orientadas ao fomento do deporte entre a poboación da Guarda, con especial atención á formación de nenos, novos e adultos na práctica do judo. Entre os principais obxectivos alcanzados



destácanse:

- Participación en campionatos autonómicos e nacionais, representando ao municipio da Guarda.
- Organización de xornadas de portas abertas e exhibicións para a promoción do judo e do municipio da Guarda

Entre as súas actividades realizadas destacan os adestramentos semanais, participación en competicións oficiais, organización do Torneo Internacional Transfronteirizo Vila da Guarda, talleres de valores deportivos e convivencia para menores.

Esta subvención nominativa está plenamente xustificada polo interese público e que representa a continuidade e estabilidade deste proxecto, pola súa consolidación non municipio, e pola dificultade de artellar estas actividades desde vos servizos municipais con recursos propios.

Importe económico: 500 €

### **7.- Club deportivo Alagua**

A concesión dunha subvención nominativa ao Club Alagua da Guarda enmárcase dentro dos obxectivos estratéxicos do Concello da Guarda en materia de fomento do deporte, promoción de hábitos de vida saudables, e apoio ao asociacionismo local como ferramenta de cohesión social.

O Club Alagua desenvolve un labor fundamental na promoción de actividades deportivas náuticas, especialmente dirixidas á poboación infantil e xuvenil do municipio, contribuíndo de maneira significativa ao desenvolvemento físico, educativo e social dos participantes. A través dos seus programas e adestramentos, foméntase a participación activa, a igualdade de oportunidades e a utilización responsable da contorna marítima da Guarda.

Ademais, a súa actividade repercute positivamente na proxección exterior do municipio, ao representar á Guarda en competicións de ámbito autonómico e nacional, xerando unha imaxe positiva e dinámica do concello.



Dado o carácter específico, continuado e de interese público das actividades desenvolvidas polo Club Alagua, así como a dificultade de encaixalas dentro dun réxime de concorrencia competitiva pola súa singularidade e traxectoria consolidada, considérase xustificada a concesión dunha subvención de carácter nominativo, #de acordo con o artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións.

Importe económico: 500 €

**TERCEIRO: na modalidade de SUBVENCÍONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA inclúense as liñas que aparecen a continuación.**

O concello da Guarda concederá subvencións, por concorrencia competitiva, a favor de entidades integradas no Rexistro de Asociacións do concello da Guarda, ou a favor de persoas ou asociacións non inscritas, nos casos que así o dispoñan as bases correspondentes. A finalidade das subvención é a realización de actividades de utilidade pública ou de interese social, a promoción e consecución de fins de interese público de competencia local e a axuda ou promoción en determinados ámbitos de interese social ou deportivo.

As subvencións en xeral implican un retorno do esforzo económico da administración local en forma de servizos, de oferta formativa, cultural e deportiva. En calquera caso a concorrencia competitiva serve ademais como elemento de transparencia na xestión dos cartos públicos.

As entidades ou individuos que accedan a estas subvencións deberán cumprir unha serie de requisitos administrativos que se farán públicos nas bases correspondentes.

As liñas que se consideran estratéxicas son as seguintes: servizos sociais, atención de emerxencia social ou asistencial, culturais e deportivas.

**LIÑA 1.- ENTIDADES CON FINS SOCIAIS**

O concello da Guarda pretende con esta liña de subvencións colaborar coas entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a axuda a persoas e colectivos desfavorecidos, así como participar en proxectos de prevención de problemas sociais e de asistencia e promoción social das persoas afectadas.

Importe económico: 2.560 €

Fonte de financiamento: Fondos propios



Procedemento de concesión: Concorrenca competitiva mediante bases.

### **LIÑA 2.- EMERXENCIA SOCIAL**

O concello da Guarda ten entre os seus obxectivos, atender situacións puntuais de emerxencia que afecten a familias ou persoas ás que sobreveñan situacións de grave necesidade non cuberta polo resto de prestacións.

Importe económico: 11.500 €. Esta cantidade incrementarase cada ano coa aportación que a Deputación de Pontevedra ou a Xunta de Galicia trasladen ao concello da Guarda para emerxencia social.

Fonte de financiamento: Fondos propios

Procedemento de concesión: Concesión previo informe do departamento de servizos sociais ata esgotamento do crédito

### **LIÑA 3.- ENTIDADES CULTURAIS**

O concello da Guarda pretende con esta liña de subvencións apoiar ás entidades culturais nas iniciativas, actuacións e programacións de promoción da cultura que se desenvolvan na localidade e complementen ao conxunto de accións realizadas polo concello na materia, así como financiar proxectos que se consideren de interese público e que teñan como obxectivo a actividade cultural.

Importe económico: 8.900 €

Fonte de financiamento: Fondos propios

Procedemento de concesión: Concorrenca competitiva mediante bases.

### **LIÑA 4.- PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO**

O concello da Guarda pretende con esta liña de subvencións compensar economicamente o traballo e esforzo desenvolvido por particulares ou asociacións na elaboración dos accesorios e traxes de entroido, así como na decoración de carrozas ou outros elementos que posibiliten aportar unha coherencia temática. Temos que ter en conta que o entroido na nosa localidade, así como no resto de Galicia, é algo máis ca unha festa, é unha tradición cunha forte compoñente social.



Na Guarda o entroido ten un dos seus puntos fortes no desfile do martes, que congrega a multitude de persoas e no que a práctica totalidade do comercio local pecha para participar e desfrutar dunhas horas festivas. Este desfile xunto coa cabalgata e o desfile do sábado do monte son os tres eventos que congregan maior número de persoas nas rúas da localidade. Nos últimos anos tense recuperado o desfile do venres coa participación dos pequerrechos, que conta cun gran número público asistente que desfruta da orixinalidade dos traxes e temática desenvolvida polos colexios da Guarda.

Importe económico: 3.800 €

Fonte de financiamento: Fondos propios

Procedemento concesión: Por orde de anotación ata o esgotamento do crédito, segundo as bases.

#### **LIÑA 5.- ENTIDADES DEPORTIVAS**

O concello da Guarda pretende con esta liña de subvencións a promoción do deporte de base motivado polos innumerables beneficios que esta práctica xera na sociedade. Os obxectivos son, entre outros, o incremento do número de persoas federadas nas distintas modalidades, favorecer unha ampla oferta deportiva na localidade e colaborar coas entidades deportivas guardesas na organización de eventos ou competicións deportivas.

Importe económico: 12.600 €

Fonte de financiamento: Fondos propios

Procedemento de concesión: Concorrenza competitiva mediante bases.

#### **LIÑA 6.- SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS**

O concello da Guarda pretende con esta liña de subvencións recoñecer o esforzo dos deportistas guardeses na práctica do deporte individual ou por parellas e facilitar a súa participación nas diversas competicións.

Importe económico: 3.000 €

Fonte de financiamento: Fondos propios



Procedemento de concesión: Concorrenca competitiva mediante bases.

### **LINEA 7.- AXUDAS A EDUCACIÓN**

O concello da Guarda pretende con esta liña de subvencións recoñecer o traballo e esforzo dos alumnos e alumnas guardesas e fomentar a excelencia académica

Importe económico: 3000 €

Fonte de financiamento: Fondos propios

Procedemento de concesión: Concorrenca competitiva mediante bases.

### **CUARTO: CONTROL E AVALIACIÓN DA EFICACIA DOS PROGRAMAS SUBVENCIONADOS. ANÁLISE DOS RESULTADOS**

1.- Para unha mellor análise da eficacia de cada liña de subvencións, os servizos municipais encargados da súa tramitación solicitarán das entidades beneficiarias unha memoria motivada sobre as actividades desenvolvidas, o número de participantes o resultado e os obxectivos acadados.

2.- Á vista da información obtida, as concellerías delegadas en cuxo ámbito competencial se insira cada liña elaborarán unha memoria anual na que se valorará a adecuación dos resultados aos obxectivos perseguidos a través de cada liña, e se propondrá o mantemento, modificación ou supresión motivadas de cada liña. De ditas memorias darase conta ao Pleno.

O Alcalde-Presidente

Roberto José Álvarez Carrero

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE”**

(.....)



*Sometida a votación, a proposta foi **aprobada** co seguinte resultado:*

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Álvarez Carrero, Alonso Álvarez, Lomba Lorenzo, Álvarez Castro, Pena Pérez, Estévez Cividanes, Guisande Vila e Rodríguez Fariñas (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Lomba Rodríguez, Vázquez Rodríguez, Méndez Díaz, Rodríguez Marcos, Álvarez Martínez e Trigo González (seis abstencións ).”

*E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

